

BIO - Bioloxía e xeoloxía 1º BAC

Esta materia está pensada para os alumnos que lle guste as ciencias ou teñan pensado seguir os estudos pola rama sanitaria. O libro de texto que utilizaremos de referencia é da editorial S.M.

PRIMEIRO TRIMESTRE

Unidade 1: A materia da vida

Unidade 2: A vida e a súa organización

Unidade 3: Os tecidos

Unidade 4: A perpetuación da vida

Unidade 5: A biodiversidade e a súa conservación

- Son temas de bioquímica, bioloxía e ecoloxía porque se estudia de que estamos formados, a nosa materia, as nosas células e tecidos. Tamén tratamos as diferentes formas de vida que nos acompañan no noso planeta e as relacións entre elas e co propio planeta.
- Este ano estamos a facer prácticas de laboratorio de recoñecemento de glúcidos, recoñecemento de lípidos e facer xabón, recoñecemento de proteínas, extracción de ADN de fígado e visionado microscópico dos distintos tecidos animais e vexetais.

SEGUNDO TRIMESTRE

Unidade 6: A clasificación dos seres vivos

Unidade 7: As plantas

Unidade 8: A nutrición nos animais I

Unidade 9: A nutrición nos animais II

Unidade 10: A relación nos animais

Unidade 11: A reprodución nos animais

- Son temas relacionados cos seres vivos dos cinco reinos, pero como se ve nas unidades, centrámonos na morfoloxía e fisioloxía de animais e plantas.
- Este ano complementamos a teoría con prácticas de laboratorio de recoñecemento dos distintos tipos de fungos, líques, plantas, visu dos distintos grupos de animais, estudo dos distintos grupos de insectos (ás, aparatos bucais, patas...), e disección (de mexillón, gamba..)

TERCEIRO TRIMESTRE

Unidade 12: A Terra: orixe, estrutura e composición

Unidade 13: A Terra. A dinámica terrestre

Unidade 14: Os procesos endóxenos

Unidade 15: Os procesos exóxenos e a historia da Terra

- Son os temas de xeoloxía. Estudamos como en 4º ESO, a Terra e a súa dinámica. Pero ampliamos os procesos xeolóxicos internos e externos e as súas consecuencias.
- Complementamos esta teoría co visionado dos distintos tipos de minerais e rochas (dos que poseemos unha ampla colección con varios exemplares de cada tipo recollidos por profesores deste centro)

Como se pode ver, é unha materia moi moi ampla e rica en contidos que hai que estudar, pero que tamén axudarán a recoñecer, comprender e interpretar o mundo que nos rodea.

CUCI - Cultura científica 1º BAC

Esta materia está pensada para que os alumnos amplíen os seus coñecementos científicos. Pódena estudar os alumnos que pretendan seguir estudando pola rama de ciencias ou por letras, porque son coñecementos básicos para situarnos no mundo, entender os problemas actuais e coñecernos a nós mesmos.

Utilizaremos o libro de texto da editorial MacGraw Hill, que trata as seguintes unidades:

Primeira avaliación:

1. Ciencia e sociedade
2. Terra
3. Orixe e evolución da vida

Segunda avaliación:

4. Avances da medicina
5. Revolución xenética
6. Biomedicina e xenética

Terceira avaliación:

7. Novas tecnoloxías
8. Aplicación social e crítica

O curso comeza con unha breve introdución ao traballo dos científicos. Por exemplo, este ano destacamos o papel das mulleres na ciencia.

Para cada tema faremos a súa correspondente explicación, debate e intercambio de ideas de forma oral, así como:

- un control escrito valorado nun 70%
- traballo escrito valorado nun 10%

E o resto da puntuación será o traballo de aula diario.

Non se levan tarefas para casa, agás a preparación de traballos escritos ou proba oral, para o que se dispón dun mínimo de 15 días.

O caderno de aula serán as fotocopias que iremos acumulando de noticias de periódico, textos monográficos, actividades feitas na clase e os cuestionarios para orientar o estudio para as probas escritas.

Non hai prácticas de laboratorio.

Quen traballe esta materia, ampliará os teus coñecementos e terá ferramentas para interpretarse a si mesmo e o mundo que lle rodea .